



## Concello A Guarda

---

### **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 05 DE MARZO DE 2018.-**

---

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as nove horas do día cinco de marzo de dous mil dezaoto, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. Antonio Lomba Baz, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- D. Manuel Javier Crespo González
- D<sup>a</sup>. Teresa Vicente Baz
- D. Paulino Rodríguez Gonzalez
- 

Asiste como Secretario o funcionario Secretario Acctal. José Carlos Martínez Crespo.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

#### **PUNTO 1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL (SESIÓN ORDINARIA DO 16/02/2018).**

---

O Sr. Presidente preguntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer á acta correspondente á sesión celebrada o pasado día 16 de febreiro de 2018, ó que responden negativamente os concelleiros, polo que a referida acta foi aprobada pola unanimidade dos seus membros presentes.

#### **PUNTO 2.- Expediente 588/2018. SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA.**

---

##### **PROPOSTA DE ALCALDÍA**

Vistas as bases subvención para a Dinamización Lingüística dirixidas aos Concellos e outras entidades locais da provincia de Pontevedra para o ano 2018.

BOP nº 35 do 19 de febreiro de 2018

Propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- A probar a memoria explicativa do programa de dinamización lingüística do concello da Guarda.
- Solicitar esta subvención.
- Comprometerse de aprobar ordenanza o regulamento do uso da lingua galega no concello

##### **ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local, pola unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos en que quedou transcrita



## Concello A Guarda

### **PUNTO 3.- Expediente 589/2018.SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA AXUDAS RESIDUOS 2018 DO MINISTERIO DE AGRICULTURA E PESCA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE**

#### **PROPOSTA DE ALCALDÍA**

Vistas as Bases da convocatoria de axudas Residuos 2018 do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e medio Ambiente.

Propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- Solicitar subvención o abeiro destas bases.

#### **ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local, pola unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos en que quedou transcrita.

### **PUNTO 4.- Expediente 595/2018. SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA REHABILITACIÓN E SINALIZACIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA**

#### **PROPOSTA DE ALCALDÍA**

Vistas as Bases de subvención para a rehabilitación e sinalización do patrimonio Histórico-Cultural, dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra para o ano 2018.

Propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- Solicitar subvención o abeiro destas bases.

#### **ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local, pola unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos en que quedou transcrita.

### **PUNTO 5.- Expediente 583/2018. ANDAINAS 2018**

#### **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO**

A Concellería de Deportes e Patrimonio organiza oito andainas polo territorio galego e portugués dentro da actividade “ANDAINAS 2018”.

A realización desta actividade implica uns gastos: o seguro de accidentes e o traslado en autobús. Para facer fronte a estes gastos é preciso impor un prezo público por cada andaina e que terán que ser abonadas na conta bancaria do Concello polos participantes.

Vista a relación de gastos previstos para un total de 55 persoas que é a capacidade do autocar. E para calcular o prezo público por andaina tívose en conta a participación media en anteriores andainas sendo de 52 persoas.

Seguro	774,78 €		
Autocar	2.827 €		
<b>GASTOS</b>	<b>3.601,78 €</b>	<b>INGRESOS PREVISTOS</b>	<b>3.536 €</b>



## Concello A Guarda

### Por todo iso propónse a Xunta de Goberno Local:

**PRIMEIRO:** Aprobación do calendario das Andainas 2018 e o prezo público correspondente para a participación na actividade.

**SEGUNDO:** Aprobación do pago en dúas quendas. Os participantes terán de prazo ata o 5 de abril para efectuar o pago das tres primeiras andainas e ata o 7 de setembro para as catro últimas. No caso de existir prazas dispoñibles permitirase a inscrición e pago por andainas individuais.

CALENDARIO DAS ANDAINAS 2018		Prezo público
10 DE MARZO	RUTA MÁXICA DE OIA	gratuíta
14 DE ABRIL	TRILHOS DOS PASADIÇOS DO VEZ (PORTUGAL)	10 €
1 DE MAIO	TRILHO DO VAL DE ANCORA (CAMINHA-PORTUGAL)	10 €
9 DE XUÑO	RUTA DAS FRAGAS DO EUME (A CORUÑA)	12 €
28 DE AGOSTO	ROMARÍA DE SAN JOAO D'ARGA (CAMINHA-PORTUGAL)	10 €
15 DE SETEMBRO	TRILHO COVA MOURA (MONÇAO-PORTUGAL)	10 €
20 DE OUTUBRO	MONUMENTO NATURAL PENA CORNEIRA (RIBADAVIA)	10 €
10 DE NOVEMBRO	RUTA PR-G94 MUÍÑOS DO FOLÓN E PICÓN. O ROSAL	6 €

### ACORDO:

A Xunta de Goberno Local, pola unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos en que quedou transcrita.

### PUNTO 6.- Expediente 515/2018. Prestación do servizo de axuda a domicilio.

PROPOSTA DE DECREMENTO DE INTENSIDADE NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CON CARGO A LIBRE CONCORRENCIA

TERESA GONZÁLEZ ALONSO, TRABALLADORA SOCIAL DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DO CONCELLO DE A GUARDA

Informa:

En relación ao expediente de J.A.G.R. con DNI núm. -----494Y , beneficiario da prestación do servizo de axuda no fogar, emito o seguinte informe-proposta de resolución

Antecedentes:

Primeiro: Que con data 15 xaneiro del 2018, increméntase a intensidade de saf libre concorrencia a D. J.A.G.R. de 12 a 20 horas mensuais.

Segundo: emíttese informe social pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios do concello de A Guarda acerca da valoración da situación de necesidade do/a solicitante.



## Concello A Guarda

---

Lexislación aplicable:

Ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar do concello de A Guarda publicada o 24 de abril de 2014.

Informe- proposta de resolución:

Conceder o incremento de intensidade de 12 a 20 horas mensuais da prestación do servizo de axuda no fogar a J.A.G.R. para a prestación do servizo de axuda no fogar con cargo a libre concorrencia.

**ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local, pola unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos en que quedou transcrita.

**PUNTO 7.- Expediente 2388/2017. Prestación do servizo de axuda a domicilio.**

---

PROPOSTA DE DECREMENTO DE INTENSIDADE NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CON CARGO A LIBRE CONCORRENCIA

TERESA GONZÁLEZ ALONSO, TRABALLADORA SOCIAL DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DO CONCELLO DE A GUARDA

Informa:

En relación ao expediente relativo á solicitude de prestación do servizo de axuda no fogar de Celia González Álvarez, emito o seguinte informe-proposta de resolución

Antecedentes:

Primeiro: Con data 8 novembro de 2017, Dna. C.G.Á. presentou unha solicitude para a prestación do Servizo de axuda no fogar.

Segundo: emítese informe social FAVORABLE para a prestación do servizo de axuda no fogar.  
Terceiro: renuncia a intensidade horaria proposta inicialmente, pasando de 21 horas a 12 horas mensuais.

Lexislación aplicable:

Ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar do concello de A Guarda publicada o 24 de abril de 2014.

Informe- proposta de resolución:

Conceder o decremento de intensidade horaria da prestación do servizo de axuda no fogar a C.G.Á.

**ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local, pola unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos en que quedou transcrita.

**PUNTO 8.- Expediente 495/2018.**

---

PROPOSTA DE APROBACIÓN DE ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CON CARGO A LIBRE CONCORRENCIA



## Concello A Guarda

---

TERESA GONZÁLEZ ALONSO, TRABALLADORA SOCIAL DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DO CONCELLO DE A GUARDA

Informa:

En relación ao expediente relativo á solicitude de prestación do servizo de axuda no fogar e á vista da documentación obrante no mesmo, emito o seguinte informe-proposta de resolución

Antecedentes:

Primeiro: Con data 19 febreiro de 2018, Dna. M.I.P.S. presentou unha solicitude para a prestación do Servizo de axuda no fogar.

Segundo: emítese informe social pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios do concello de A Guarda acerca da valoración da situación de necesidade do/a solicitante.

Lexislación aplicable:

Ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar do concello de A Guarda publicada o 24 de abril de 2014.

Informe- proposta de resolución:

Conceder a prestación do servizo de axuda no fogar a M.I.P.S. con cargo a libre concorrencia cunha intensidade de 21 horas mensuais.

### **ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local, pola unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos en que quedou transcrita.

## **PUNTO 9.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS MENORES**

---

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de obras menores:

**EXPEDIENTE: 1.782/2017.- D. FLORINDO RODRÍGUEZ LOMBA, PARA ARREGLO DE ESCALEIRA EXTERIOR, COLOCACIÓN DE BARANDILLA E MAMPARA NA VIVENDA SITA NA RÚA DE TRV. A CAPILLA N.º 5, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE “A GÁNDARA” DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA N.º 9 DO P.X.O.U.).**

**EXPEDIENTE: 2.371/2017.- D. JUAN CARLOS VICENTE GONZÁLEZ, PARA ARRANXO DE RACHADELAS NO PATIO DE LUCES DO HOTEL BRUSELAS SITO NA RÚA DE PONTEVEDRA N.º 4, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N.º 1 DO P.X.O.U.).**

**EXPEDIENTE: 2.265/2017.- D. ENRIQUE VICENTE MORILLAS, PARA LIMPEZA DE FINCA, RETIRADA DE ALEIRO DA CUBERTA, SACAR MADEIRAS DAS VENTÁS E PECHES DE OCOS CON LADRILLO E PINTADO DE BLANCO, CONSOLIDAR CORONACIÓN DE MURO E RETIRAR VIGAS DE MADEIRA DA EDIFICACIÓN SITUADA NA RÚA DE DIEGO ANTONIO GONZÁLEZ N.º 6, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N.º 1 DO P.X.O.U.).**

**DECLARACIÓN RUINA (EXPTE.: 2.265/2017).**

**EXPEDIENTE: 2.438/2017.- ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A., PARA**



## Concello A Guarda

---

**OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DE LOCAL DESTINADO A OFICIÑA BANCARIA SITO NA RÚA DE CONCEPCIÓN ARENAL N.º. 44-BAIXO, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N.º. 1 DO P.X.O.U.).**

**EXP. 2.634/2017.- A ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A. PARA REFORMA INTERIOR DE OFICIÑA BANCARIA CONSISTENTE EN LABORES DE LIMPEZA, DESMONTAXE DE MAMPARAS, COLOCACIÓN DE PAVIMENTO E CARPINTERIA INTERIOR SITA NA RÚA DE CONCEPCIÓN ARENAL N.º. 56, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N.º. 1 DO P.X.O.U.).**

### **PUNTO 10 .- COMUNICACIÓN PREVIA-INICIO DE ACTIVIDADE (LICENZA DE APERTURA)**

---

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das seguintes comunicacións previas-inicio de actividade (licenza de apertura):

Exp. N.º 2728/2017:

Vista a comunicación previa, de data 28.12.2017 e con rexistro de entrada n.º E-RE-1354, feita por TALLERES ROAUTO, S.L., con enderezo na rúa Brasil n.º 4 Baixo-2 de A Guarda, para inicio de actividades de REPARACIÓN AUTOMÓVILES E BICICLETAS (Epíg. 691.2) e COMERCIO MENOR ACCESORIOS E RECAMBIOS DE VEHÍCULOS (Epíg. 654.2) no local sito na rúa Brasil n.º 4 Baixo-2, e visto o informe favorable de data 24 de xaneiro de 2018 dos servizos técnicos municipais, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA:

Conceder a TALLERES ROAUTO, S.L. a licenza municipal n.º 3/2018 para a apertura dun local dedicado á actividade de REPARACIÓN AUTOMÓVILES E BICICLETAS (Epíg. 691.2), no local sito na rúa Brasil n.º 4 Baixo-2 da Guarda.

Conceder a TALLERES ROAUTO, S.L. a licenza municipal n.º 4/2018 para a apertura dun local dedicado á actividade de COMERCIO MENOR ACCESORIOS E RECAMBIOS DE VEHÍCULOS (Epíg. 654.2), no local sito na rúa Brasil n.º 4 Baixo-2 da Guarda.

Exp. N.º 2635/2017:

Vista a comunicación previa, de data 12.12.2017 e con rexistro de entrada n.º E-RC-5738, feita por D.ª ANA MARÍA SÁNCHEZ MALVAR, con enderezo na Rúa Manuel Álvarez n.º 2-3º A da Guarda, para inicio de actividade de OUTRAS ACTIVIDADES DE ENSINANZA (Epíg. 933.9) no local sito na rúa Enrique María Sesto n.º 7-Entlo, e visto o informe favorable de data 22 de xaneiro de 2018 do servizo técnico municipal e de data 24 de xaneiro de 2018 do asesor xurídico municipal, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA:

Conceder a D.ª ANA MARÍA SÁNCHEZ MALVAR a licenza municipal n.º 5/2018 para a apertura dun local dedicado á actividade de OUTRAS ACTIVIDADES DE ENSINANZA (Epíg. 933.9) no local sito na rúa Enrique María Sesto n.º 7-Entlo da Guarda.



## Concello A Guarda

---

### **PUNTO 11.- COMUNICACIÓNS PREVIAS DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE ACTIVIDADES.**

---

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de cambio de titularidade de actividade:

EXPEDIENTE: 258/2018. D<sup>a</sup> CARMEN GLORIA LÓPEZ MARTÍNEZ, DE CAMBIO DE TITULARIDADE DA ACTIVIDADE CLASIFICADA EN “RESTAURANTE 1 TENEDOR” [EPIG. 671.5] A REALIZAR NA RÚA ALFONSO MARTÍNEZ PENIZA Nº 2- BAIXO, QUE ANTES FIGURABA A NOME DE D. RUBÉN CASTRO CIVIDANES.

### **PUNTO 12.- OUTROS ESCRITOS DE URBANISMO**

---

Dase conta do escrito RE-300 de data 14 de febreiro de 2018, presentado por DNA. ICIAR MARTÍNEZ NÚÑEZ, con enderezo na rúa Ariel nº 4, bloque f-6°C de Madrid, no que comunica a súa renuncia ó expediente de licenza nº 2274/2017 para rehabilitación de vivenda sita na rúa do Porto, nº 15.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

E non habendo máis asuntos que tratar o sr. Presidente levanta a sesión ás 09:30 minutos do día da data, da que eu, como secretario, dou fe.